

## REIVINDICANDO ÓS MEDIOCRES por M<sup>a</sup> Dolores Rubido

Cheguei ó I.E.S Ortigueira en setembro de 1978. Hai vinte e cinco anos, procedente do I.E.S Pastor Díaz de Viveiro, con Matemáticas de 2º de B.U.P colgadas e un duro terceiro por diante. Non fai falla decir que era unha mala estudante. Por iso aproveitei para reivindicar ós mediocres e malos, que tamén temos dereitos.

Recordo que saín dunha clase na que eu era o número trinta e tantos, e na que a última tiña o número cuarenta e catro, e entrei a outra na que o máximo que podíamos chegar a ser era doce alumnos nas asignaturas comúns. Vaia cambio;. Eramos coma unha familia.

Daquela época recordo sobre todo os bos profesores, Josefina Lestón, Catedrática de Literatura, á que lle debo o meu gusto pola literatura, a lectura, aprender a falar e comentar, e ser crítica. Aquela que me permitiu no último exame, o do “Quijote”, saír da clase a airearme, despois de ter lido as preguntas, porque me quedara en branco, e voltar a realizalo media hora máis tarde. Hoxe non cho fai ninguén.

Recordo a Enrique Tello, o Director, que intentaba inculcarme as ideas dos filósofos, nada fácil, e as técnicas do aprendizaxe de Paulov, ou o famoso libro que nos fixera leer “Más allá de la libertad y la dignidad” de Skinner.

Lembro á profesora de Matemáticas Mari Carmen, a que todos lle chamaban cariñosamente “Pegui”, a única á que lle aprobei a asignatura en xuño, e non unha, senón dúas, Matemáticas de 2º e 3º. Todo un trunfo. Nunca máis quixen saber nada delas, pero a ela lémbroa con agarimo.

Lembro aquelas clases de Educación Física, fútbol ou fútbol, e logo mirar o ritmo cardíaco, que a algúns/as non nos cambiaba moito porque, ese deporte non nos iba.

Lembro os sabañóns dos pes de tantas molleiras collidas ás oito da mañá para chegar ó tren das nove menos cuarto, molleiras que logo tiñamos que secar diante dunha estufa de mala morte, que en vez de secáloslos cocíanloslos.

Lémbrome do “Xitano”, conductor de I.A.S.A, que arrancaba cando xa estabamos chegando ó autobús, e deixábanos en terra aínda véndonos correr como galgos. Non era nada bon, pero ese ano tocoulle a lotería. Enriba;

Lembro cando faciamos dedo para irmos para a casa, xa que saíamos ás seis da tarde e non tiñamos transporte ata as oito e media. Tódolos días pasaba Modesta, a A.T.S.da Cruz Vermella, pero nunca paraba.

Pero sobre todo, lembro a transición, o poder opinar de política, ou de calquera outro tema que xurdira. Daquelas primeiras clases de “Galego”, ás que soio íamos aqueles ós que nos importaba a nosa fala. Desgraciadamente, moi poucos.

E como non ía ser menos, lémbrome daqueles compañeiros, algúns deles lamentablemente desaparecidos como Loli, Fernando Pía ou Carlos Torres, outros que aínda están moi preto e sigo vendo a miúdo como Chicho, Eduardo, Gabi -coa que afortunadamente aínda boto moitas risotadas-, Juan, que era o 10 do curso, Ana, Andrés Cornide, ó que lle pasaba sempre que podía o exame de Historia do Mundo Contemporáneo, etc.

Claro que non todo era perfecto. Quizais non había a competencia que hai hoxe, pero había moi pouca estimulación por parte dos mestres.

Recordo que nunca fumos de excursión nin en terceiro nin en COU. A única saída que fixemos foi a Santiago, e pasámonos o día estudando tódolos edificios que podían caer no Selectivo, e o final puxéronnos a Cúpula do Vaticano.

Tamén lembro que soio fixéramos un certame literario, que por certo, sigue existindo?

Para min fora un bo remate despóis de tantos anos de mediocre. COU aprobado, certame literario gañado, selectividade aprobada. E todo contra pronóstico. Xa que nos pronósticos nunca entran os mediocres. Iso hai que cambialo.

Dolores Rubido estudou nos primeiros anos do Instituto o BUP e o COU, 20 anos despois voltou ó mesmo centro de Ensino para facer os dous Ciclos Formativos da familia profesional de “Actividades Físicas e Deportivas”. Na actualidade leva adiante ROTEIROS, unha iniciativa empresarial de Actividades no Medio Natural. É unha loitadora.